

1 Identificación de sistemas ERP

Índice

1.1 Sumario

- 1 Definición
- 2 Vantaxes e desvantaxes
- 3 Módulos máis comúns
- 4 Arquitectura
- 5 Comparativa de ERPs
 - ◆ 5.1 ERPs propietarios
 - ◆ 5.2 ERPs libres

1.2 Definición

ERP (*Enterprise Resource Planning*) é un software que permite a integración de datos e procesos dunha organización nun único sistema informático. Normalmente están formados por varios módulos que posibilitan esta integración que utilizan unha única base de datos.

Son plataformas de software desenvolvidas para integrar os diversos departamentos dunha empresa (contabilidade, recursos humanos, fabricación, mercadotecnia, vendas, compras, etc.) posibilitando a automatización e almacenamento de todas as informacións relativas ao negocio.

ERP é a espiña dorsal dos negocios electrónicos, unha arquitectura de transaccións que enlaza todas as funcións dunha empresa, por exemplo, de procesamento de pedido de vendas, control e xestión de stock, estratexia de produción e distribución e finanzas.

Fontes 12

1.3 Vantaxes e desvantaxes

[1]

1.4 Módulos máis comúns

[2]

1.5 Arquitectura

- Escritorio: As primeiras aplicacións ERP estaban baseadas no modelo cliente/servidor. Unha máquina da empresa executa o servidor ERP, conectado ao servidor da BD. Nos computadores instálase a aplicación cliente ERP. Exemplo: [OpenERP 6.1](#)
- Web: Moitos ERPs evolucionaron permitindo conexións desde un navegador web. Así, desaparece a aplicación cliente ERP. O servidor ERP continúa a estar instalado na empresa.
- SaaS: Unha variante do anterior que permite que o servidor ERP (e a base de datos) estea aloxado fóra da empresa, no provedor deste servizo. Non hai que instalar nada. En moitos casos, as aplicacións libres teñen unha versión web gratuíta e outra SaaS de pago.

1.6 Comparativa de ERPs

Cadros elaborados coas comparativas feitas polos alumnos Pablo Alonso, Pedro Álvarez, Luis Arribí, Lucía Blanco, Marta Boga e Alejandro Bouzas.

1.6.1 ERPs propietarios

ERP	Prezo	Tipo	SXBD	Vantaxes	Desvantaxes
Microsoft Dynamics	3.500 ? inicial - 59?/usuario/mes	SaaS ou Escritorio	MS SQL Server	Aval de Microsoft. Fácil instalación	Módulos extra de pago. Pouca personalización
Sage ERP x3	2.600\$/usuario	SaaS	MS SQL Server e Oracle	Aval da empresa de Contaplus. Fiable e versátil	Cursos de formación caros. SXBD propietario
SAP	Máis de 20.000 ?	SaaS	SAP HANA Database	Adaptable, cobertura, interface sinxela, seguranza	O prezo
Solmicro	Desde 31 ?/mes	Escritorio e SaaS	MS SQL Server	Solucións predefinidas, facilidade de uso	Só válido para Windows
Oracle e-business	10.450 \$	Escritorio, Web e SaaS	Oracle	Aval de Oracle. Soporte	Prezo das licenzas e mantemento

1.6.2 ERPs libres

ERP	Tipo	SXBD	Vantaxes	Desvantaxes
SugarCRM libre (só CRM)	Web	MS SQL Server e MySQL	Altamente personalizable. Módulos gratis	Precisa de persoal cualificado para xestionala
Odoo	Web e SaaS (de pago)	PostgreSQL	Personalizable, módulos extra, gratuito (web)	Prezo (SaaS), algúns módulos pouco estables
Openbravo	Web e SaaS (de pago)	PostgreSQL e Oracle	Gratuito (web), intuitivo, amplo, flexible	Prezo (SaaS). Posta a punto lenta
OpenXpertya	Escritorio e web	PostgreSQL, Oracle, Firebird	Gratuito, fiable, sen ataduras a un proveedor	Precisa de persoal cualificado para xestionala
Abanq	Escritorio	PostgreSQL e MySQL	Gratis, pero obriga a contratar o mantemento	Flexibilidade para modificar a interface gráfica
Compiere	SaaS	Oracle	Gratuito. Ofrecen mantemento de pago. Interface	A implementación en Europa é complicada
ADempiere	Web e SaaS	PostgreSQL, Oracle, MySQL	Gratis. Independente do SXBD	Soporte e documentación de pago
webERP	Web	PostgreSQL e MySQL	Facilidade para crear módulos en PHP	Módulo CRM limitado
Apache OFBiz	Web	Calquera SXBD con conector Java	Gratuito. Aval de Apache. Flexibilidade Java e SXBD	Precisa de persoal especializado

[Máis información](#)

--Vence